

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE XULLO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de xullo deste ano, baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de xullo de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras de despezamento de camiós, como ampliación de centro autorizado de reciclaxe e descontaminación de vehículos (Card), con licenza de instalación da actividade do 27 de febreiro de 2008, na rúa das Comunicacións e rúa dos Carros sen número.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma e acondicionamento para a instalación de ascensor no edificio construído coa licenza número 427/82 sito en solo urbano, na rúa do Buxo, número 23; para a instalación de ascensor no edificio construído coas licenzas números 28/68 e 39/69, sito en solo urbano na rúa Doutor Gasalla, número 18 e para legalización de modificacións de edificio con licenza anterior número 798/85, composto de planta baixa destinada a garaxe, dúas plantas altas máis ático en grao terceiro para tres vivendas, para eliminar dúas plantas altas, resultando “Edificio composto de planta baixa destinada a garaxe e planta primeira destinada a unha vivenda”, sito en solo urbano, na rúa Alba, número 35.

Acórdase a concesión das licenzas de primeira utilización: para o edificio sito en rúa San Eufrasio número 110, con licenzas de obras 358/03, 369/06 e 1132/07 e para o edificio sito en rúa Bispo Ona de Chave nº 8-10, con licenza de obra 776/08.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21

3. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de “Obras ordinarias y complementarias para cruce de servicio de alumbrado y telecomunicaciones en la ronda de las Mercedes”.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordase a estimación das alegacións presentadas no procedemento de incoación de resolución do contrato de dez prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrno.

Aprobase o expediente de mutación demanial subxectiva da parcela 10T mazá J sector Sur-K propiedade do Concello de Lugo a favor da Universidade de Santiago de Compostela para a construción de novas instalacións da aula de produtos lácteos.

4. INTERVENCIÓN.- Deúse de conta da modificación número 7/2011 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 56.499,94 euros.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. CULTURA.- Acórdase a asignación de nomes ás rúas que circundan o novo Hospital -HULA.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación do proxecto subvencionado polo programa operativo “Adaptabilidade e emprego” do Fondo social Europeo “Lugo emprego activo 2/Lugo emprego activo 2” e do seu presuposto, aceptación da subvención, aprobación do gasto e nomeamento dos responsables da súa execución.

Lugo, 13 de xullo de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García